



Breve Historia de Juan Varela

Juan Varela naceu en Ferrol un 12 de febreiro de 1960, estudio en el Colegio Dafonte.

Xunto co seu íntimo amigo e nadador José Angel Rioseco comeza a nadar na piscina da Feira de Mostras do Noroeste, no ano 1969

Coa construción en 1977 do Polideportivo de Batallones, fundanse o ano seguinte o Club Natación Marina, formado polo Militar e Dr. Rioseco, do cal pasan a formar parte estes nadadores.



Os estilos nos que máis destacaba foron bolboreta e libre, destacando non só a nivel galego, senón tamén a nivel nacional, sendo varias veces Campión de España nas competicións que organizaba a Armada Española, representando á Zona Marítima do Cantábrico, pois Juan Varela estaba integrado na Armada como Cabo 1º- Vermello de Máquinas.

Na súa curta vida tiña dúas paixóns, a primeira, a Natación e a segunda as motos. Foi esta pasión pola moto a que lle truncou a vida nun accidente de tráfico o 1 de decembro de 1979. Causando unha profunda conmoción na entidade, que acertadamente, ao ano seguinte, a Xunta Directiva pensou que a mellor forma de recordalo sería celebrando unha festa da natación, invitando a outros clubs, e así, as sucesivas directivas recordámolo ano tras ano.

O Memorial Juan Varela organízase nas súas primeiras edicións a nivel galego, pasando uns anos máis tarde a ser un trofeo internacional, coa participación de varios equipos Portugueses, que aumentaron o nivel participativo e competitivo do evento, en 1998 o Concello sumase como patrocinador dando nome o Trofeo Concello de Ferrol.